



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000025

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas don Sergio Saavedra Gutiérrez.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 21.07.22 (ORDINARIA).

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e votos favorables dos asisentes á sesión).

2º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO.-

Expediente. 2021/C003/000005

Proposta de Alcaldía:

“CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

Plan POS+Ad 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña

Proxecto redatado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, Nº Col. 22.992 de “Estudio Técnico Gallego”.

Financiamento:

Deputación .- 70.619,05€

Concello: 9.472,10€

Total proxecto sen IVE.- 66.191,03€

IVE.- 13.900,12€

Total proxecto .- 80.091,15 euros

Procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación ordinaria).

Logo de ver o expediente de contratación da obra do proxecto nomeado, ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO, do que se considerou que a empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ, SL. NIF B15164106 resultou a máis vantaxosa en base ás seguintes valoracións efectuadas co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación Provincial da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE.- 66.191,03 euros.

Límite oferta temeraria.- 59.655,99 euros.

NIF: B15840861 BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.:

100% prezo. Valor introducido polo licitador: 65743.78 .- Baixa (%) 0,68.- Puntuación: 3,17

NIF: B94075207 CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI SL:

100% prezo Valor introducido polo licitador: 60300.03 Baixa (%) 8,90.- Puntuación: 41,53

NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% prezo Valor introducido polo licitador: 59571.93 Baixa (%) 10,00- Puntuación: 46,67.- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador: 57768.60 .- Baixa (%) 12,72- Puntuación: 59,36 .- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B15822620 EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- 58579.06 .- .- Baixa (%) 11,50- Puntuación: 53,67 .- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B70093539 EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- 58565.82 .- Baixa (%) 11,52- Puntuación: 53,76 .- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B15464795 GESTAL Y LÓPEZ S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- 63986.87 .- Baixa (%) 3,33 Puntuación: 15,54

NIF: B32108334 HORDESCON, S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- : 62265.90.- Baixa (%) 5,93 .- Puntuación: 27,67

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- : 62000.00 .- Baixa (%) 6,33 Puntuación: 29,54

NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- 61431.90 Baixa (%) 7,19 Puntuación: 33,55

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:

100% prezo Valor introducido polo licitador.- 58115.65 Baixa (%) 12,20 Puntuación:

56,93.- BAIXA TEMERARIA”

E que de conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación-factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP) se requeriu as empresas inmersas en baixa anormal para que no prazo de 5 días hábiles dende o requerimento xustificansen a oferta:

NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L

NIF: B15822620 EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L

NIF: B70093539 EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L

Presentando únicamente documentación xustificativa da baixa as empresas:

.- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A

.- EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.

.- SYR-AMG, S.L.

En data 16.02.2022, remítese a técnico municipal (arquitecto técnico) a documentación xustificativa das baixas para informe.

En data 02.06.22, o técnico municipal envía os informes nos que concreta:

Empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.

“(…)

. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, non queda xustificada correctamente a oferta económica presentada, por non achegar a oferta detallada que se sinala no apartado 1.C, tendo que seguir considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”**

Empresa Excavaciones Saavedra y López, S.L.

“(…)

o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ OBRAS SL, **queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

SYR-AMG, S.L.

“(…)

o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **SYR-AMG, SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

Tendo en conta o criterio técnico e dado que a empresa máis vantaxosa en puntuación é “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L” a Xunta de Goberno Local, en sesión de 16.06.2022, acordou

“PRIMEIRO.- Excluir da licitación ás empresas “Excavaciones y Canalizaciones Conde, S”L e “Excavaciones y Obras Marcos, S.L”, por non presentar documentación xustificativa da baixa que lles foi requerida e á empresa “Eulogio Viñal y Obras Construcciones S.A” por non xustificar debidamente a baixa anormal da súa oferta.

SEGUNDO.- De conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación,

REQUERIR ao licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L NIF B15164106 para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

TERCEIRO.- Notifíquese dito acordo ás empresas referidas.”

Visto que en data 6.07.22, rexistro 202299900001078 a empresa proposta como adxudicataria presenta a documentación e que tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4 f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público e que cumpriu co establecido nas cláusulas 16 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, constituíndo a garantía definitiva, está acreditado a non existencia de débedas coa entidade local, e Visto que consta informe da intervención municipal,

PRÓPONSE por esta Alcaldía, á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato da obra descrita no proxecto nomeado: **ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO** á empresa **EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L NIF B15164106, no seguinte prezo:**

Prezo sen IVE: 57.768,60 €

Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 12.131,40 €

Total.- 69.900€

Prazo de execución.- Seis **(6) meses**.

Taxas do contrato: Conforme á ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación de servizos, inspección e dirección de obras, realizados por técnicos competentes.

Dirección e inspección de obra: 3% do presuposto de execución material.

Coordinación de seguridade e saúde.- 1% do presuposto de execución material.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñendoo con cargo á aplicación orzamentaria 16162300.

CUARTO.- Nomear coma Director das obras e Coordinador de Seguridade e Saúde ao redator do proxecto Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, N° Col. 22.992 de “Estudio Técnico Gallego”; e notificarlle dito nomeamento.

QUINTO.- Notificar este acordo ao adxudicatario e aos demais licitadores, e publicar a adxudicación no perfil do contratante desta entidade aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar dende o seguinte a áquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación polo licitador. Remitarase ao adxudicatario as autorizacións sectorias para a obra, aos efectos de ter en conta as súas condicións na execución da obra. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

/Documentado datado e asinado na marxe polo alcalde/.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

Licenza para construción e explotación dun aparcamento de autocaravanas no Lugar da Igrexa, Meirás.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“.- Expte. de actividade 04/2019.- [REDACTED] - Para a licenza de actividade para construción e explotación dun aparcamento de autocaravanas, no [REDACTED] [REDACTED] Valdoviño, en solo clasificado como **solo non urbanizable común** e deben entenderse incluídas nas seguintes categorías: **solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas.**

O decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo, define os campamentos de turismo no seu artigo 2.1 como:

“... o establecemento de aloxamento turístico que, ocupando un espazo de terreo debidamente delimitado e dotado das instalacións e servizos que se establezan neste decreto, estea destinado a facilitar a estada temporal en tendas de campaña, caravanas, autocaravanas ou calquera outro elemento semellante facilmente transportable, así como doutras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal que sexan explotadas polo mesmo titular do campamento”

O artigo 36.1 define os campamentos de turismo para autocaravanas como:

“1. Son os campamentos de turismo que están reservados para uso exclusivo de vehículos vivenda (autocaravanas e campers) e vehículos análogos, estando prohibida a instalación nelas de calquera tipo de tendas de campaña ou instalacións fixas ou móbiles para o aloxamento de persoas usuarias. Nestes campamentos estará permitida a apertura de toldos, mesas, cadeiras, así como a nivelación do vehículo e a apertura de ventás superando o perímetro deste, sempre que se faga dentro dos límites da mesma parcela.”

O artigo 5.1 establece unha superficie mínima de terreo destinada a campamentos turísticos en solo rústico de 5.000 m².

Tamén cabe mencionar que o Pleno da Corporación do Concello de Valdoviño, en sesión ordinaria do día 07.04.2022, aprobou os criterios interpretativos ao obxecto de outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística para a implantación do uso “Campamento de

turismo” no Concello de Valdoviño. Ditos criterios foron publicados no BOP núm. 77, do 25 de abril de 2022.

A documentación presentada: solicitude de licenza de actividade , redactada polo arquitecto técnico Ignacio Pita Graña consistente nun estudo previo para o aparcadoiro de autocaravanas e un plano da distribución da parcela. Achégase xunto coa solicitude certificación gráfica e descritiva da parcela, onde se indica unha superficie total de 2.500 m². Tamén se inclúe escrito da Alcaldía deste Concello do día 13.11.20 onde se notifica a promotora da actividade, do inicio da tramitación da Modificación puntual núm. 13 das NNSSPP sobre a implantación de campamentos de turismo no Concello de Valdoviño.

E Visto o informe do arquitecto técnico de data 29 de xuño de 2022 indica que as obras que se pretenden no presente expediente, non son conformes coa normativa sectorial de aplicación, ao non cumprir a parcela onde se pretende a actividade coa extensión mínima fixada no artigo 5.1 do Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo; polo tanto infórmase en xeito **DESFAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Non conceder licenza para a actividade para construción e explotación dun aparcamento de autocaravanas, no [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño,
Segundo.- APROBAR a liquidación das taxas 105,18 € polo expediente de actividade.
Terceiro.- Notificar o seguinte acordo á interesada.

Valdoviño, 27 de xullo de 2022.

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

